

A Coruña, a nove de xullo de dous mil vinte e seis

COMITÉ DE APELACIÓN

RESOLUCIÓN S/N: Recurso presentado pola Asociación Coruñesa de Waterpolo fronte á Resolución Extraordinaria S/N ditada polo Xuíz Único de Competición en data 29 de maio de 2026, relativa á denuncia formulada pola suspensión/aprazamento de partidos de waterpolo da fin de semana 28-29 de marzo de 2026.

Visto o recurso presentado por D. Carlos Antonio Cayado García, na súa condición de Presidente da Asociación Coruñesa de Waterpolo, fronte á Resolución Extraordinaria S/N ditada polo Xuíz Único de Competición da Federación Galega de Natación en data 29 de maio de 2026, e examinada a documentación achegada xunto co mesmo, o Comité de Apelación da Federación Galega de Natación dita a presente resolución con base nos seguintes:

FEITOS

Primeiro. En data 26 de marzo de 2026, a Asociación Coruñesa de Waterpolo remitiu escrito dirixido ao Comité de Competición da Federación Galega de Natación, baixo o asunto relativo á suspensión de partidos do día 29 de marzo de 2026.

No dito escrito solicitábase a intervención do Comité de Competición como consecuencia da comunicación recibida pola entidade en relación co aprazamento da xornada de waterpolo que debía disputarse durante a fin de semana do 28-29 de marzo de 2026.

A entidade denunciante manifestaba, en síntese, que a suspensión ou aprazamento da xornada obedecería á imposibilidade da Federación de liquidar dereitos arbitrais, que a Asociación Coruñesa de Waterpolo se atopaba ao corrente do pagamento dos gastos de arbitraje da tempada 2025/2026, que non tiña obriga de adiantar novamente cantidade ningunha e que a decisión adoptada lle ocasionaba prexuízos organizativos e económicos.

Segundo. No escrito inicial, a Asociación Coruñesa de Waterpolo cuestionaba tamén a competencia do Presidente da FEGAN para acordar ou comunicar o aprazamento de xornadas, invocaba a aprobación do calendario pola Asemblea Xeral, referíase á posible intervención da Comisión Delegada para a modificación do calendario deportivo, e solicitaba que se investigase o destino das cantidades aboadas polos clubs para gastos arbitrais.

Así mesmo, interesaba a depuración de responsabilidades, a apertura de expediente disciplinario, a imposición das sancións que procedesen, o recoñecemento de indemnizacións a favor dos equipos afectados e a asunción pola FEGAN da procura e aboamento das instalacións necesarias para finalizar a competición de waterpolo.

Terceiro. En data 7 de maio de 2026, a Asociación Coruñesa de Waterpolo remitiu nova comunicación, esta vez solicitando a intervención do Comité de Apelación, ao entender que transcorrera un prazo prudencial sen obter resposta á denuncia inicialmente formulada ante o Comité de Competición.

Na dita comunicación facíase referencia ao silencio da FEGAN e interesábase que o Comité de Apelación resolvesse conforme ao Libro III do Réxime Disciplinario da FEGAN.

Cuarto. En data 29 de maio de 2026, o Xuíz Único de Competición ditou Resolución Extraordinaria S/N pola que resolveu:

1. Inadmitir a trámite a denuncia presentada por D. Carlos Antonio Cayado García, en nome e representación da Asociación Coruñesa de Waterpolo, relativa á suspensión ou aprazamento de partidos de waterpolo da fin de semana 28-29 de marzo de 2026.
2. Declarar a falta de competencia material do Xuíz Único de Competición para coñecer das cuestións formuladas no escrito, ao referirse substancialmente a materias de xestión económica, organización federativa, calendario, eventual responsabilidade orgánica e indemnización de prexuízos, e non a unha incidencia disciplinaria producida nunha competición ou encontro concreto dentro do ámbito propio do Comité de Competición.
3. Non incoar expediente disciplinario, ao non apreciarse no escrito presentado, nos termos en que foi formulado, a existencia de feitos concretos que constitúan unha infracción disciplinaria competicional cuxo coñecemento corresponda ao Xuíz Único.
4. Arquivar as actuacións no ámbito do Comité de Competición/Xuíz Único, sen pronunciamento sobre o fondo das manifestacións, valoracións ou pretensións contidas no escrito presentado.

Quinto. Fronte á devandita resolución, a Asociación Coruñesa de Waterpolo presenta recurso ante o Comité de Apelación.

No recurso, a entidade recorrente manifesta a súa discrepancia coa inadmisión acordada polo Xuíz Único e sostén, en síntese, que o Comité de Competición si debía intervir, pois non é imprescindible a existencia dunha acta ou anexo arbitral para que poida actuar o órgano disciplinario federativo.

A tal efecto, invoca diversas infraccións previstas no Libro III do Réxime Disciplinario da FEGAN que, segundo a recorrente, non precisan necesariamente dunha acta arbitral para a súa apreciación, tales como os abusos de autoridade, actuacións dirixidas a predeterminar resultados, declaracións públicas de directivos, actos notorios que

atenten á dignidade deportiva, falsificación de licenzas, agresións ou incumprimentos de acordos da Asemblea, regulamentos electorais e demais disposicións estatutarias ou regulamentarias.

Sexto. A entidade recorrente engade que, ao seu xuízo, podería existir un incumprimento do calendario deportivo aprobado pola Asemblea Xeral, así como un posible abuso de autoridade por parte do Presidente da FEGAN, ao entender que se tería suspendido unilateralmente unha xornada e que se tería condicionado a súa celebración ao pagamento novamente dos gastos de arbitraje.

Igualmente, a recorrente manifesta que a xornada aprazada non foi incluída no calendario mensual de xuño, que a entidade estaría xa en período vacacional e que, mediante correo de 22 de maio de 2026, solicitou á FEGAN a devolución dos gastos arbitrais correspondentes á xornada aprazada, por importe de 310 euros.

Sétimo. O recurso incorpora, como documentación anexa, entre outros documentos, o correo de remisión do escrito inicial, o escrito dirixido ao Comité de Competición, a comunicación de aprazamento de xornada, a comunicación de 7 de maio de 2026 solicitando a intervención do Comité de Apelación, a resolución recorrida, o calendario mensual de xuño e a solicitude de devolución dos gastos arbitrais por importe de 310 euros.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro. Competencia do Comité de Apelación.

O Comité de Apelación da Federación Galega de Natación é o órgano de xustiza federativa de segunda instancia encargado de resolver os

recursos que se presenten fronte ás decisións do Comité de Competición ou Xuíz Único.

Corresponde, por tanto, a este Comité de Apelación coñecer do recurso interposto fronte á Resolución Extraordinaria S/N ditada polo Xuíz Único de Competición en data 29 de maio de 2026, sen que tal coñecemento permita transformar a segunda instancia nun procedemento autónomo de investigación xeral, auditoría económica, revisión organizativa da actuación federativa ou declaración de responsabilidades patrimoniais.

O ámbito propio desta resolución queda delimitado polo obxecto da resolución recorrida e polos motivos de impugnación formulados pola entidade recorrente.

Segundo. Normativa aplicable.

Resultan de aplicación os Estatutos da Federación Galega de Natación, o Libro III do Réxime Disciplinario da FEGAN e a Normativa Xeral de Waterpolo correspondente á tempada 2025/2026, Circular 25-43.

Conforme aos Estatutos da FEGAN, o Comité de Competición ou Xuíz Único actúa en primeira instancia e o Comité de Apelación en segunda instancia. O Comité de Competición ten como cometido resolver as incidencias e infraccións que poidan producirse nas competicións deportivas das especialidades integradas na FEGAN, con facultades para impor as sancións regulamentarias que procedan. Pola súa banda, o Comité de Apelación resolve os recursos fronte ás decisións do Comité de Competición.

O Libro III do Réxime Disciplinario regula o ámbito da disciplina deportiva federativa, estendéndoo ás infraccións das regras de xogo ou competición e ás infraccións das normas xerais deportivas tipificadas no propio Libro. O mesmo texto recolle o principio de tipicidade, ao establecer que unicamente son infraccións

susceptibles de sanción as previstas no dito Libro e nas disposicións de rango superior que desenvolve.

A Normativa Xeral de Waterpolo da tempada 2025/2026, Circular 25-43, establece as regras específicas aplicables ás competicións territoriais de waterpolo desa tempada, incluíndo previsións relativas á organización das competicións, calendario, arbitraxes, intervención do Comité de Competición, réxime económico, renuncias e documentación.

Terceiro. Sobre o alcance da intervención do Comité de Competición e a alegación relativa á necesidade de acta arbitral.

O primeiro motivo de impugnación da recorrente céntrase en afirmar que a resolución impugnada limitaría indebidamente a competencia do Comité de Competición a aqueles supostos nos que exista acta ou anexo arbitral.

Esta alegación debe ser parcialmente matizada, aínda que non conduce á estimación do recurso.

É certo que a potestade disciplinaria federativa non queda reducida, en abstracto, aos feitos consignados nunha acta arbitral. O Libro III do Réxime Disciplinario da FEGAN contempla infraccións que poden producirse fóra do estrito desenvolvemento dun encontro ou que non precisan necesariamente dunha acta arbitral para a súa denuncia ou coñecemento inicial.

Así sucede, entre outras, con determinadas infraccións xerais, con infraccións atribuíbles a directivos, órganos ou comités, ou con condutas que poidan afectar ás normas xerais deportivas e non exclusivamente ás regras de xogo.

Agora ben, a inexistencia de acta non é o fundamento único nin decisivo da inadmisión acordada polo Xuíz Único. O elemento

determinante é que o escrito inicial, nos termos nos que foi formulado, non concreta feitos disciplinarios suficientemente delimitados, non individualiza unha conduta sancionable con encaixe típico bastante, non identifica unha infracción competicional concreta susceptible de depuración polo procedemento disciplinario ordinario e acumula pretensións de natureza diversa que exceden do ámbito propio do Xuíz Único de Competición.

A referencia da resolución recorrida ás actas ou informes arbitrais debe entenderse, por tanto, no sentido de que constitúen o cauce ordinario de coñecemento das incidencias disciplinarias producidas no desenvolvemento das competicións, especialmente cando se trata de feitos acontecidos nun encontro concreto, pero non como unha afirmación de que o Comité de Competición careza sempre de competencia se non existe acta arbitral.

Feita esta precisión, o recurso non pode prosperar, pois o problema esencial non é a ausencia formal de acta, senón a falta dun presuposto disciplinario concreto, típico e suficientemente determinado que xustifique a incoación dun expediente sancionador.

Cuarto. Sobre a invocación de abuso de autoridade.

A recorrente sostén que podería existir abuso de autoridade por parte do Presidente da FEGAN ou dalgún órgano federativo, ao terse comunicado o aprazamento dunha xornada e ao entender a entidade que se lle estaba obrigando a aboar dúas veces os gastos de arbitraje. O abuso de autoridade, como infracción disciplinaria, require algo máis que a discrepancia cunha decisión federativa de carácter organizativo ou económico. Esixe unha conduta concreta, atribuíble a unha persoa ou órgano determinado, que revele un exercicio arbitrario, desviado, intimidatorio ou gravemente abusivo das facultades propias do cargo, con suficiente entidade disciplinaria.

No presente caso, a documentación achegada acredita a existencia dunha comunicación federativa relativa ao aprazamento dunha xornada por problemas vinculados á liquidación dos dereitos arbitrais. Tamén acredita a oposición da Asociación Coruñesa de Waterpolo a asumir un novo pagamento e a súa discrepancia coa forma en que se adoptou ou comunicou a decisión.

Mais desa documentación non resulta, para os efectos estritamente disciplinarios deste procedemento, unha imputación concreta e bastante dun abuso de autoridade tipificado. A comunicación de aprazamento, por discutible que poida resultar desde a perspectiva organizativa ou interna federativa, non permite por si soa concluír que exista unha infracción disciplinaria de abuso de autoridade que deba ser incoada polo Xuíz Único.

A valoración sobre se a decisión organizativa foi acertada, desacertada, oportuna, inoportuna ou mellorable non equivale á existencia de infracción disciplinaria. A potestade sancionadora non pode activarse sobre a base de conxecturas, sospeitas ou valoracións xerais, senón sobre feitos concretos, determinados e subsumibles nun tipo disciplinario.

Quinto. Sobre o alegado incumprimento do calendario aprobado pola Asemblea Xeral.

A entidade recorrente sostén que o aprazamento da xornada podería supoñer un incumprimento dos acordos da Asemblea Xeral relativos ao calendario deportivo.

Cómpre distinguir entre a eventual regularidade interna dunha modificación, suspensión ou aprazamento de calendario e a existencia dunha infracción disciplinaria sancionable.

A Normativa Xeral de Waterpolo da tempada 2025/2026 contempla regras específicas sobre calendario de competición. Establece que as ligas

comezarán nas datas previstas no calendario, que a FEGAN poderá modificar o orde dos partidos dunha xornada por motivos de organización, e que, unha vez celebrado o sorteo e elaborado o calendario, os cambios deben axustarse aos supostos previstos ou, con carácter excepcional, a peticións realizadas e razoadas que o Área de Waterpolo estime xustificadas e que non causen prexuízo á organización da competición nin ao equipo rival.

A propia normativa tamén regula supostos de suspensión de ligas galegas por forza maior, catástrofes naturais, conflitos sociais, alarmas sanitarias ou razóns de carácter similar, atribuíndo á Comisión Delegada ou á Asemblea Xeral Extraordinaria a adopción das medidas necesarias para a reanudación e eventual modificación do sistema de xogo e calendarios en tales escenarios.

Agora ben, o debate suscitado pola recorrente non se refire a unha infracción cometida por un club, deportista, técnico, delegado, árbitro ou participante durante un encontro, nin a unha conduta disciplinaria competicional derivada dunha incomparecencia, retirada, aliñación indebida ou incidente de xogo. O que se formula é unha discrepancia sobre a adopción, comunicación e consecuencias dun aprazamento acordado no marco da organización federativa da competición.

A eventual revisión da regularidade interna do procedemento seguido para modificar, suspender ou aprazar unha xornada, así como a determinación de se debeu intervir un concreto órgano federativo ou outro, non pode converterse automaticamente nun expediente disciplinario ante o Xuíz Único se non se achegan feitos concretos, individualizados e tipificados que permitan apreciar, sequera indiciariamente, unha infracción disciplinaria.

O feito de que a Asemblea Xeral sexa o órgano superior da FEGAN e de que o calendario sexa un elemento esencial da competición non implica que calquera incidencia, modificación ou aprazamento posterior

constitúa, por si só, unha infracción disciplinaria susceptible de sanción polo Comité de Competición.

Sexto. Sobre a alegada incorrecta utilización de fondos e a solicitude de investigación económica.

A recorrente afirma que a Federación tería recibido cantidades dos clubs destinadas ao pagamento de arbitraxes e que, ao non poder liquidar os dereitos arbitrais, existiría unha grave irregularidade ou unha incorrecta administración dos fondos.

O Libro III do Réxime Disciplinario inclúe, entre as infraccións aplicables a directivos, órganos e comités da FEGAN, a incorrecta utilización de fondos privados ou de subvencións, créditos, avais e demais axudas, nos termos previstos regulamentariamente.

Non obstante, a mera invocación xenérica de que "non se sabe onde está o diñeiro", ou de que a Federación non tería provisionado debidamente cantidades destinadas a arbitraxes, non constitúe por si soa un feito disciplinario suficientemente delimitado. Para a apertura dun expediente sancionador por incorrecta utilización de fondos sería necesario un mínimo substrato fáctico que permitise identificar, cando menos, a concreta cantidade, o destino irregular atribuído, o acto de disposición ou utilización indebida, a persoa ou órgano presuntamente responsable, a data ou período de referencia e a conexión entre a conduta e o tipo disciplinario invocado.

O que se solicita no escrito inicial é, en realidade, unha investigación xeral ou prospectiva sobre a xestión económica federativa e sobre o destino das cantidades aboadas polos clubs para gastos arbitrais. Esa pretensión excede do ámbito propio dunha resolución disciplinaria do Xuíz Único de Competición cando non se acompaña dunha imputación concreta e suficientemente determinada.

O órgano disciplinario non é un órgano auditor nin un órgano xeral de fiscalización económica da Federación. A eventual existencia de controversias sobre facturación, liquidación, devolución de cantidades, provisión de fondos ou xestión económica debe tramitarse, de ser o caso, polas canles internas, estatutarias, contables, administrativas ou xurisdicionais que correspondan, pero non pode dar lugar automaticamente á incoación dun expediente disciplinario sen base típica e fáctica suficiente.

Sétimo. Sobre a solicitude de devolución de 310 euros e a reclamación de indemnizacións.

A Asociación Coruñesa de Waterpolo achega correo de 22 de maio de 2026 solicitando a devolución dos gastos arbitrais correspondentes á xornada aprazada fronte ao Club Marina Ferrol, nas categorías infantil, cadete e xuvenil, por importe de 310 euros.

Esta reclamación económica, así como a pretensión de que se recoñezan indemnizacións polos prexuízos derivados do aprazamento da xornada, non pertence ao ámbito sancionador propio do Xuíz Único de Competición nin ao ámbito revisor deste Comité de Apelación no presente recurso.

O procedemento disciplinario deportivo ten por obxecto determinar a existencia ou inexistencia de infraccións disciplinarias e, no seu caso, impor as sancións regulamentariamente previstas. Non é o cauce ordinario para declarar dereitos de crédito, resolver controversias de facturación, ordenar devolucións de cantidades ou recoñecer indemnizacións por danos económicos ou organizativos.

Sen prexuízo de que a entidade poida exercer as accións, reclamacións ou solicitudes económicas que considere procedentes polas vías correspondentes, este Comité de Apelación non pode, no marco do presente recurso disciplinario, ordenar a devolución dos 310 euros reclamados nin recoñecer indemnización ningunha.

Oitavo. Sobre a falta de inclusión da xornada no calendario mensual de xuño.

A recorrente achega tamén o calendario mensual de xuño e afirma que a FEGAN non realizou as xestións necesarias para que a xornada aprazada puidese celebrarse, ao non incluíla no dito calendario.

Este feito, mesmo admitido para os exclusivos efectos dialécticos, non altera a natureza da cuestión nin converte a denuncia inicial nun procedemento disciplinario sancionador.

A falta de reprogramación dunha xornada, a oportunidade da súa inclusión ou non nun determinado calendario mensual, a existencia de dificultades de instalación, ou a imposibilidade material de disputar partidos antes da finalización da tempada son cuestións de organización competicional e de xestión federativa.

Tales cuestións poderán ser sometidas, no seu caso, aos órganos federativos competentes en materia organizativa ou ás canles de reclamación que correspondan, mais non determinan, por si soas, a procedencia de incoar expediente disciplinario cando non se concreta unha infracción tipificada nin unha conduta sancionable suficientemente individualizada.

Noveno. Sobre a demora na resolución do escrito inicial e o silencio invocado pola recorrente.

A entidade recorrente reprocha que a FEGAN tardase aproximadamente dous meses en ditar unha resolución de inadmisión, invocando os prazos previstos no Libro III do Réxime Disciplinario da FEGAN en materia de notificacións, resolucións e recursos.

O Libro III prevé que as peticións ou reclamacións formuladas ante os órganos disciplinarios deportivos deberán resolverse expresamente

nun prazo non superior a quince días, e que, transcorrido dito prazo, se entenderán desestimadas.

Esta previsión permite ao interesado reaccionar fronte á falta de resolución expresa, pero non transforma o silencio nunha estimación da súa pretensión nin atribúe ao Comité de Competición competencias que materialmente non lle corresponden.

A eventual demora na resolución do escrito inicial podería ter habilitado á entidade para entender desestimada a súa petición e acudir á vía impugnatoria correspondente. Con todo, a posterior resolución expresa do Xuíz Único permitiu á Asociación Coruñesa de Waterpolo coñecer os motivos da inadmisión e formular o presente recurso, polo que non se aprecia indefensión material que xustifique a anulación da resolución impugnada.

En todo caso, a existencia de demora non é, por si soa, razón suficiente para estimar o recurso nin para ordenar a incoación dun expediente disciplinario cando non concorren os presupostos materiais necesarios para iso.

Décimo. Sobre a suficiencia dos feitos para incoar expediente disciplinario.

A incoación dun expediente disciplinario require a existencia dunha mínima base fáctica que permita apreciar, cando menos indiciariamente, a posible comisión dunha infracción disciplinaria tipificada.

No presente caso, a documentación achegada permite constatar a existencia dunha controversia entre a Asociación Coruñesa de Waterpolo e a FEGAN relativa ao aprazamento dunha xornada, ao pagamento ou adianto dos gastos arbitrais, á eventual reprogramación dos partidos e á devolución de determinadas cantidades.

Porén, a devandita controversia non aparece formulada en termos disciplinarios suficientemente determinados. Non se describe unha concreta infracción das regras de xogo, nin unha incidencia producida nun encontro, nin unha incomparecencia imputable a un club, nin unha retirada, nin unha aliñación indebida, nin unha conduta de árbitros, técnicos, deportistas ou delegados que deba ser valorada polo Comité de Competición.

Tampouco se achegan elementos suficientes que permitan abrir expediente fronte a un directivo, órgano ou comité da FEGAN por abuso de autoridade, incumprimento de acordos da Asemblea ou incorrecta utilización de fondos. O escrito inicial e o recurso formulan valoracións, sospeitas e discrepancias, pero non achegan feitos concretos e individualizados con entidade bastante para activar a potestade sancionadora.

A potestade disciplinaria non pode empregarse como instrumento xeral de revisión da xestión federativa nin como mecanismo de investigación prospectiva. A súa utilización esixe tipicidade, imputación concreta, determinación dos feitos e adecuación do procedemento á natureza da infracción denunciada.

Décimo primeiro. Confirmación da resolución recorrida.

Á vista do anterior, procede confirmar a resolución recorrida.

Non obstante, debe precisarse que a confirmación non se fundamenta en que sexa sempre imprescindible a existencia dunha acta arbitral para que poida actuar o Comité de Competición, senón en que, no caso concreto, a denuncia presentada non contén feitos disciplinarios suficientemente determinados e subsumibles nun tipo sancionador que permitan a apertura dun expediente polo Xuíz Único de Competición.

A resolución impugnada acerta ao concluír que o núcleo do escrito se refire a materias de xestión económica, organización federativa, calendario, eventual responsabilidade orgánica e reclamación de

prexuízos, e non a unha incidencia disciplinaria concreta producida nunha competición ou encontro determinado dentro do ámbito propio do Comité de Competición.

Por tanto, procede desestimar o recurso presentado pola Asociación Coruñesa de Waterpolo, confirmar a inadmisión acordada polo Xuíz Único e manter o arquivo das actuacións no ámbito disciplinario federativo, sen pronunciamento sobre o fondo das cuestións económicas, organizativas ou patrimoniais formuladas.

RESOLUCIÓN

Por todo o exposto, o **COMITÉ DE APELACIÓN DA FEDERACIÓN GALEGA DE NATACIÓN** resolve:

Primeiro. Desestimar o recurso presentado por D. Carlos Antonio Cayado García, en nome e representación da Asociación Coruñesa de Waterpolo, fronte á Resolución Extraordinaria S/N ditada polo Xuíz Único de Competición en data 29 de maio de 2026.

Segundo. Confirmar a Resolución Extraordinaria S/N do Xuíz Único de Competición, pola que se inadmitiu a trámite a denuncia presentada pola Asociación Coruñesa de Waterpolo relativa á suspensión ou aprazamento de partidos de waterpolo da fin de semana 28-29 de marzo de 2026.

Terceiro. Precisar que a inexistencia de acta arbitral non constitúe, con carácter xeral e absoluto, impedimento para a actuación dos órganos disciplinarios federativos cando existan feitos concretos, individualizados e tipificados que poidan dar lugar a responsabilidade disciplinaria; sen prexuízo de que, no presente caso, non se aprecia a existencia de tal presuposto mínimo para a incoación de expediente disciplinario.

Cuarto. Declarar que as cuestións relativas á devolución de gastos arbitrais, indemnización de prexuízos, reprogramación de xornadas, organización do calendario, xestión económica federativa ou eventual fiscalización do destino de fondos non poden ser resoltas no marco do presente recurso disciplinario, sen prexuízo das vías internas, estatutarias, administrativas ou xurisdicionais que, no seu caso, poidan corresponder.

Quinto. Manter o arquivo das actuacións no ámbito do Comité de Competición/Xuíz Único, sen pronunciamento sobre a procedencia ou improcedencia material das reclamacións económicas, organizativas ou patrimoniais formuladas pola entidade recorrente.

Notifíquese a presente resolución aos interesados, facéndolles saber que fronte á mesma poderá interpoñerse recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva no prazo máximo de quince días hábiles, de conformidade co previsto na normativa disciplinaria federativa aplicable.

A Coruña, nove de xullo de dous mil vinte e seis

**COMITÉ DE APELACIÓN
FEDERACIÓN GALEGA DE NATACIÓN**